



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ás actuacións en materia de saneamento e depuración que se van acometer no Concello de Ribeira.

No DOG do 24 de Maio do 2007 publicouse, para a súa información pública, o anteproxecto referido ao contrato de concesión de obra pública de colectores xerais e da estación depuradora de Ribeira. É coñecido que o BNG leva moito tempo demandando o saneamento integral deste concello, máxime, cando falamos dun concello cunha importantísima actividade económica derivada da pesca e do marisqueo e que conta, no seu termo municipal con un entorno natural privilexiado protexido baixo varias figuras como son o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza, único P.N. do noso territorio, o Parque Natural do complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, o cal forma parte dun LIC (Lugar de Interese Comunitario) máis extenso (código ES1110006) que abrangue dende o Castro de Baroña (Concello de Porto do Son) ata a Punta de Couso (Concello de Ribeira).

A EDAR que, segundo o anteproxecto, se prevé construír en Aguiño ten unhas dimensións considerábeis ao proxectarse que trate as augas residuais de 80.000 habitantes-equivalentes, polo que deben extremarse ás precaucións á hora de concretarse o proxecto, velando especialmente polo seu bo funcionamento e por que cumpra todos os requisitos medioambientais, así como debe atenderse as demandas dos veciños e veciñas que van ter cerca esta infraestrutura.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Durante as últimas semanas veciños e veciñas deste concello, así como os grupos con representación municipal, teñen amosado a súa preocupación por certos aspectos relacionados coa depuradora e os colectores xerais que entendemos deben ser atendidos. Como plasmación desta actividade o pasado 30 de xullo, o pleno do concello de Ribeira aprobou por unanimidade unha moción do BNG na que se solicitaba:

1. Que o proxecto da EDAR de Ribeira se someta aos trámites de Avaliación de Impacto Ambiental e de Avaliación Estratéxica de Sostibilidade.
2. Que se prevexa unha depuradora específica para o polígono industrial de Xarás, dado que non parece moi lóxico que a carga contaminante deste polígono se incorpore á augas residuais urbanas, xa que se trata dunha carga contaminante moi específica que é máis doado tratar illadamente, ao tempo que de facerse tal e como consta na memoria o conxunto de veciñas e veciños pagaría os custes de depuración da actividade empresarial.
3. Que o emisario se prolongue até augas profundas fóra da enseada en augas correntes oceánicas, asegurando o mínimo impacto e unha rápida dilución e difusión do medio receptor.
4. Que o incremento da intensidade de uso do espazo destinado á planta depuradora vaia acompañado das preceptivas medidas compensatorias.

O BNG considera que é importante suplir as carencias que en materia de depuración e saneamento ten este concello, mais debe facerse de maneira rigorosa, respectando todos os trámites ambientais e garantindo que esta obra de cara o futuro non xere problemas aos veciños e veciñas da parroquia de Aguiño, e non colisione cos intereses pesqueiros e marisqueiros desta zona da nosa nación. A Ría de Arousa, e en particular as Augas de Aguiño, de onde se extrae de forma sustentábel produción de percebe da nosa costa, é unha zona de gran valor natural e de extraordinario



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

rendemento pesqueiro no contexto galego, estatal e internacional. Polo tanto merece contar con un saneamento que sexa referente tamén internacional no seu respecto e garantías medioambientais e sociais.


Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Ten previsto a Consellaría de Medio Ambiente someter este proxecto de colectores e depuradora aos trámites de Impacto Ambiental e de Avaliación Estratéxica de Sustentabilidade?
- 2.^a) Ten previsto a Consellaría de Medio Ambiente dar unha solución específica á depuración do polígono de Xarás, evitando sobrecargar con augas residuais do citado polígono á futura EDAR de Aguiño?
- 3.^a) Ve posíbel a Consellaría de Medio Ambiente que o emisorio se prolongue até augas profundas?
- 4.^a) Está previsto un programa de seguimento do impacto que o emisorio e os aliviadeiros terán sobre o ecosistema mariño e a produción pesqueira durante a fase de explotación da obra?
- 5.^a) Quen asumirá a responsabilidade política e a responsabilidade económica de calquera prexuízo que para os mariñeiros e mariscadores poida ocasionar o plan de saneamento do Concello?
- 6.^a) Cal é o custe total destas obras? Reciben estas obras financiamento a cargo de fondos procedentes de Unión Europea?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2007 12:04
Nº Rexistro: 22799

Data envío: 08/08/2007 12:04:56.649

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 08/08/2007 12:02:54